



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Cultura preventiva positiva

CONVOCATORIA: Administración autonómica, primeiro semestre

GRUPO: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

ÁREA: Consellería de Emprego, Comercio e Emigración

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	16
ADMINISTRACIÓN:	AUTONÓMICA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2018
MOD.IMPARTICIÓN:	PRESENCIAL	TIPOLOXÍA:	ESPECÍFICO	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 15/02/2018 - 08:00h ao 26/02/2018 - 23:55h

RESPONSABLE: CONDE BÓVEDA, ALBERTO [alberto.conde.boveda@xunta.es]

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

As empresas cunha cultura preventiva positiva coinciden polo menos en tres puntos craves: empezar por arriba (liderado exemplarizante), motivar aos traballadores (interiorizar a prevención) e aprender dos erros (buscar causas e non culpables).

O obxecto do curso é sensibilizar a traballadores e empresarios da importancia da cultura preventiva, e como a actitude que adoptamos en prevención de riscos laborais nos axuda a mellorar o benestar persoal e optimizar deste xeito o rendemento e produtividade das empresas.

DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional.

Persoal técnico do ISSGA e técnicos dos servizos de prevención de riscos laborais da Xunta de Galicia.

PROGRAMA

- Estratexias de cambio cultural desde a prevención de riscos laborais (PRL)
 1. Nova cultura de empresa e condicións de traballo. Factores de éxito dos procesos de cambio para a construción da excelencia empresarial.
 2. Liderado transformador da PRL e o seu desenvolvemento competencial.
 3. Formulación de proxectos de cambio en PRL segundo o Marco Lóxico
 4. Cadro de Mando Integral e condicións de traballo.
 5. Modelo Simapro da OIT para a mellora das condicións de traballo e a produtividade.
 6. A PRL, motor de cambio. Experiencia empresarial.

- Xeración de liderado a través da PRL
 1. Fundamentos para a concienciación preventiva. Racionalidade limitada do proceso de toma de decisións.
 2. Elementos esenciais de concienciación: legais, morais, económicos, organizacionais e sociais.
 3. Liderar desde a seguridade e saúde
 4. Competencias emocionais do liderado
 5. Liderado preventivo nos procesos de cambio.
 6. Experiencias de empresas en programas de concienciación

-Motivación no traballo, cando a felicidade é rendible

1. Escenario actual, a desafección dos empregados.
2. Que é a motivación?
3. Corresponde á empresa motivarnos?
4. Teorías de motivación.
5. Romper as crenzas para poder avanzar.
6. Exercicios de motivación.
7. Motivación intrínseca, Mihaly Csikszentmihalyi e o seu concepto de fluxo.
8. Como crear fluxo nunha organización. A gamificación na empresa.
9. Exemplos para motivar nas empresas.
10. É rendible a felicidade na empresa?

-Percepción do risco para mellorar a prevención.

1. Concienciar importancia da saúde (percepción)
2. Responsabilidade individual
3. Importancia da percepción do risco para poder evitalo
4. Como nos pode axudar a prevención
5. Sensibilización directivos e traballadores
6. Exemplos para aprender dos erros

CRITERIOS DE SELECCIÓN

1. Persoal técnico do Issga
2. Persoal dos servizos de prevención de riscos laborais da Xunta de Galicia
3. Criterios xerais da EGAP segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 pola que se actualizan os criterios de participación nas actividades formativas da Escola Galega de Administración Pública (DOG núm. 7, do 10/01/2008)

3. DATOS EDICIÓNS

SANTIAGO

LOCALIDADE: Santiago de Compostela

INICIO / FIN: 14/05/2018 a 15/05/2018

NUM. PRAZAS: 30

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 15/05/2018 ás 17:30h

DOCENTES NOMEADOS

Humanas Salud Organizacional, SL

LUGAR DE REALIZACIÓN

EDIFICIO IGAPE_ISSGA
Complexo administrativo San Lázaro
Santiago de Compostela
Horario: 09:30-14:30 e 16:00-19:00 h